

DIDACTICA



As caras
dos libros

Siro
-80-

Presentación e benvida

O libro é un dos soportes máis importantes da memoria escrita dos nosos antepasados. Grazas a el podemos acceder de forma sinxela a todo tipo de información, a milleiros de historias, reais e ficticias, escritas hai tempo ou recentemente por persoas que as deixan como herdanza para os lectores e lectoras. Actualmente conviven o libro físico e o electrónico, mantendo o de papel a esencia dos tempos da aparición da imprenta.

Esta guía didáctica pretende homenaxear o libro como fito fundamental da cultura universal, abordando as súas características principais, o deseño das cubertas (reclamo esencial para que un libro resulte atractivo), e tamén analizando a relación de Carlos Casares coa literatura, e de como as súas obras chegaron a moitos lugares distintos do planeta con distintas cubertas.

Carlos Casares e a fundación

Carlos Casares Mouriño (Ourense, 1941 - Vigo, 2002) é unha das figuras centrais da literatura galega do último terzo do século XX. A súa produción literaria abrangue un amplo catálogo de xéneros: relato breve (*Vento ferido*, 1967; *Os escuros soños de Clío*, 1979), a novela (*Deus sentado nun sillón azul*, 1996; *O sol do verán*, 2002); a literatura e o teatro infantil (a saga de Toribio ou *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*, 1973); a literatura xornalística (*Á marxe*, entre 1982 e 2002); ou o ensaio e a biografía sobre importantes figuras da cultura galega (Curros Enríquez, Ánxel Fole...). Tradutor de Saint-Exupéry, Hemingway ou María Gripe, foi gañador de numerosos premios da Crítica, o Losada Diéguez, o Otero Pedrayo, etc. Foi director da editorial Galaxia, membro da Real Academia Galega e tamén presidente do Consello da Cultura Galega ata o seu repentino falecemento.

A Fundación Carlos Casares nace en 2002 baixo a presidencia de Kristina Berg, viúva do escritor, para se converter nunha entidade que se encarga do estudo e difusión da obra de Casares, e para ser un centro de reflexión sobre o desenvolvemento cívico, social e cultural, realizando toda clase de actividades tendentes a fortalecer o proceso de normalización lingüística e cultural de Galicia.

Guía didáctica

- O libro é un soporte de presentación de textos e imaxes. Os primeiros libros tiñan outras formas (polo xeral a dun rolo), pero na actualidade a forma común do libro é a de **códice**. Un códice é un conxunto de follas de papel unidas polo lombo de varios modos, normalmente mediante a encadernación. A invención da imprenta en Europa facilitou a confección de libros e universalizou a lectura, converténdose nunha enorme revolución cultural.

Indaga:

En que século foi impreso o primeiro libro?

Quen foi oficialmente o inventor da imprenta?

Cal foi a primeira obra importante impresa? _____

Razoa (en grupo ou só):


Por que foi tan importante para a humanidade que se puidesen facer libros nunha imprenta?




Fonte: Wikipedia/Wikimedia. "Imprenta"

- A estrutura e composición dun libro parece sinxela, pero ten moitos segredos. Observa o panel que informa da estrutura do libro. Escolle un libro da biblioteca ou dos que se poden examinar na exposición e busca un que teña as seguintes partes:


- Faixa
- Lombo
- Cuberta
- Folla/s de cortesía
- Páxina de dereitos ou créditos
- Lapela
- Índice
- Colofón




3. Indica o ano de edición destas obras de Carlos Casares. Que é o que teñen todas en común?




ANO: _____



ANO: _____



ANO: _____



ANO: _____




ANO: _____



ANO: _____



ANO: _____



ANO: _____

4. Moitos dos libros de narrativa curta e de novela de Carlos Casares incorporan unha cita e unha dedicatoria. Unha **cita** é unha frase doutro autor/a que ilustra ou sintetiza o tema da obra. A **dedicatoria** son unhas breves palabras nas que o autor/a agradece a outra persoa ou persoas a súa axuda ou apoio. Busca entre os libros de Carlos Casares a cita e a dedicatoria que máis che gusten e escríbeas a continuación:

- CITA: _____

- DEDICATORIA: _____

Imaxina:

Se foses escritor ou escritora, como se titularía o teu libro e a quen llo dedicarías? Escribe o título inventado dunha obra, seguido do teu nome e tamén dunha dedicatoria:

- TÍTULO: _____

- AUTOR/A: _____

- DEDICATORIA: _____

5. Algunhas das imaxes nas cubertas das obras de Carlos Casares son representacións de cadros, debuxos, fotografías, caricaturas.... Relaciona cada unha das representacións que aparecen a continuación co autor ou autora da obra e o tipo de obra que representa.



Autor/a: _____

Tipo de obra: _____



Autor/a: _____

Tipo de obra: _____



Autor/a: _____

Tipo de obra: _____



Autor/a: _____

Tipo de obra: _____



Autor/a: _____

Tipo de obra: _____



Autor/a: _____

Tipo de obra: _____

6. Escribe o nome de cinco persoeiros de Galicia que aparecen nos títulos das obras de Carlos Casares.

Persoeiros de Galicia: _____

Busca e escribe tamén o nome de cinco animais que aparecen nos títulos das obras de Carlos Casares.

Animais: _____

7. No mundo editorial, unha **colección** é unha serie de libros dun mesmo autor, ou de distintos autores cunha temática común. As obras que compoñen unha colección tamén teñen un deseño común. Escribe un título de Carlos Casares para cada unha das coleccións que aquí aparecen.

- Illa Nova: _____

- Narrativa: _____

- A chalupa: _____

- Árbore: _____

- Biblioteca Carlos Casares: _____

- Conciencia de Galicia: _____


> **Razoa (en grupo ou só):**

Por que a meirande parte dos libros de Carlos Casares están publicados na editorial Galaxia?

8. Deseñar unha cuberta non é doado, pois debe figurar moita información, atraer os lectores e facilitar a venda do libro. Deseña unha cuberta para unha das obras de Carlos Casares, a que máis che guste. Recorda poñer toda a información que vai nas cubertas (autor, título, editorial, colección e ilustración).

> **Investiga, razoa e explica:**

A imaxe da cuberta dunha obra simboliza ou fai referencia, en moitas ocasións, ao título ou á temática do libro. É un diálogo entre a arte visual e a literatura. Por exemplo, *Ilustrísima* relata a historia sobre a chegada do cine a unha cidade pequena a principios do século XX e a súa descuberta por parte dun cura. Na imaxe da cuberta vese unha persoa con sombreiro e bastón de cura sentado nunhas butacas de cine e mirando unha pantalla. Podes atopar tres exemplos distintos nos **libros de narrativa curta e novela** de Casares e explicar brevemente como se relacionan título e imaxe?



9. As obras de Carlos Casares foron traducidas a moitas linguas, algunhas con gran número de falantes, e outras linguas minoritarias, como o sardo, o asturián, o eúscaro... Busca e escribe un título de Carlos Casares en:

- a. Inglés _____
- b. Francés _____
- c. Italiano _____
- d. Castelán _____
- e. Catalán _____

> **Investiga:**

Carlos Casares foi tamén tradutor de obras de escritores e escritoras estranxeiras á lingua galega. Poderías buscar poñer tres exemplos, sinalando o **título en lingua orixinal**, o **escritor ou escritora** e a **lingua de orixe**?

- a. _____
- b. _____
- c. _____

